

## REUNIÓN XERENCIA E XUNTA PTXAS

ACTA Nº2\_2026

### ASISTENTES

#### UNIVERSIDADE DE VIGO

#### XUNTA PTXAS

**Xerenta:**

Yolanda T. Lesmes Romero

**Vicexerenta de Recursos Humanos:**

Noemi Sirera Diéguez

**Director de Área:**

Xoan Manuel Cebro Rodríguez

**Redacción da acta:**

María Isabel Fernández Uría

Carlos Mollinedo Lois (CIG) Presidente

Rodrigo Alberte Pivida (CIG)

José Manuel García Eirín (CIG)

Rafael Ameneiro Bravo (CIG)

Luis Pita Carballo (CIG)

Victoria Alonso Crespo (CCOO)

Berta Covelo Rodríguez (CCOO)

Juan Ignacio Nogueira Alonso (CCOO)

María Luísa Magaz Ledo (CCOO)

Patricia Sío Bacelo (CCOO)

M<sup>a</sup> del Carmen Álvarez Veleiro (FOL)

Alejandro Martínez Gómez (FOL)

Natalia Cabaleiro Monteagudo (FOL)

Álvarez Rodríguez Pablo (UGT)

María Moreira Sendón (UGT)

José Manuel Sónora Abeijón (UGT)

Os membros da Xunta PTXAS reuníronse coa Xerencia ás 10:00 horas, do 9 de febreiro de 2026, na Sala I do Edificio Miralles , coa seguinte

1. Continuación da reunión iniciada o 4 de febreiro de 2026.

### DELIBERACIÓNS

#### 4. Ampliación listas de agarda

A Xerenta pide que se pronuncien sobre as convocatorias de ampliación de listas de agarda enviadas.

José Manuel García Eirín di que teñen que ver as convocatorias con máis detemento. Mostra dúbidas no requisito esixido para traballar no animalario. Que a xente de promoción interna se poida presentar sen o título pero que o teña no momento do chamamento.

A Xerenta di que o ten que consultar porque os requisitos deben ser presentados no momento da presentación de instancias.

José Manuel García Eirín pide ter unha coherencia nos criterios de valoración da formación para que sexa uniforme en todas as convocatorias.

A xerenta di que se debe tratar de pechar estas convocatorias na vindeira reunión.

## **5. Solicitud de dotación de Técnico Especialista de Laboratorio, especialidade Electricidade para a Escola Técnica de Enxeñaría Industrial.**

O presidente da Xunta PTXAS pide un informe máis polo miúdo porque esta praza é unha praza extinguida.

A xerenta entende que se lle piden esta praza será porque é necesaria e engade que non atopa ningún memoria xustificativa para a amortización desta praza.

Federico Fernández di que esa praza leva 7 meses extinguida e antes xa había máis de un ano que a persoa estaba de baixa.

José Manuel García Eirín pide que, se houbera que crear esta praza, debería ser subgrupo C1.

## **6. Determinación da ponderación do baremo de méritos da convocatoria de procesos selectivos para a execución das OEP 2023 e 2024.**

A xerenta di que a proposta da Xunta PTXAS na que establece unha diferenza de valoración de case 50% entre os servizos prestados na Universidade (0,2) e fóra da universidade e (0,12). Segundo criterio de Asesoría Xurídica iso é inviable polo que se plantexa unha diferenza máxima do 30%, dando como resultado 0,16 os servizos na Uvigo e 0,10 fóra da Uvigo. Pregunta se asumen isto porque o risco de fracaso é moi alto perante unha reclamación xudicial. Pide unha resposta para a seguinte reunión.

## **7. Acordo de elevación a categoría de regulamento do Acordo de data 24 de maio de 2024 entre a Comisión Unitaria de Negociación do PAS e a Xerencia sobre a provisión temporal de postos de traballo das escalas e subescalas de persoal funcionario en réxime de promoción interna.**

A xerenta explica que este acordo ten por finalidade que a xente que acceda por listas de promoción interna a outra escala ou subescala teña reserva de posto. Neste intre está sen aplicar porque existen discrepancias de criterio técnico respecto a que capacidade ten a Universidade de Vigo para reservar os postos de traballo dado que o Estatuto Básico de Función Pública non recolle a posibilidade de reserva de posto no caso de que se estea prestando servizos noutro. Entende que as administracións públicas poden acordar cos representantes de persoal solucións que favorezan á promoción interna do seu persoal sempre que sexan limitadas no tempo e non impidan o acceso ao emprego público nas condicións que establece o EBEP e normas concordantes. Do contrario, existindo vontade negocial, chegaríamos á conclusión de que o persoal tería que arriscar o seu destino definitivo para adquirir experiencia noutro corpo superior da mesma administración e quedaría nunha clara desvantaxe fronte as persoas da quenda de acceso libre. Xa que logo, e sendo a promoción interna unha das materias que dentro das melloras de condicións de traballo está reservada a negociación, a xerencia entende que si sería posible negociar un deses aspectos colaterais que é a reserva do posto limitada no tempo. Non obstante este posicionamento debe ser sometido a informe da Asesoría Xurídica con carácter previo á proposta de regulamento ao Consello de Goberno.

José Manuel Sónora considera que é un tema moi complexo que afecta ao principio de legalidade e está de acordo con sometelo ao informe de Asesoría Xurídica.

A xerenta aclara que este tema non é algo alleo á administración pública porque existen administracións nas que xa se recollen este tipo de acordos, ben sexa en acordos ou normativa específica como é a administración local, administración de xustiza e mesmo a administración sanitaria nas que se contempla a reserva de posto de traballo no caso de que con carácter temporal se estea a desempeñar un posto de traballo noutro corpo ou escala.

O director de área pensa que o informe da asesoría xurídica debería ser favorable dado que xa no 2018 nas listas de agarda de letrado (A1) un funcionario C1 quedou con reserva de posto no seu posto de xefatura de negociado.

## **8. Rolda de intervencións**

O presidente da Xunta PTXAS pregunta e o acordo de comisión de servizos se vai levar ao Consello de Goberno.

A xerenta responde que neste caso non hai debate sobre a legalidade. O que si é importante é reunir á Comisión de interpretación do acordo.

Rita Velasco pregunta porque para cubrir a baixa dunha ATSX en Filoloxía se utilizou unha acumulación de tarefas en vez de cubri-la seguindo a lista de agarda na que había 7 persoas. Pide que se lle paguen as horas extras que tivo que realizar dado que estaba soa no posto.

A xerenta lembra que se acordou coa Xunta PTXAS que ante a carencia de persoal na listaxe de agarda, suspendíanse os chamamentos de longa duración para garantir a dispoñibilidade de persoal para cubrir as bibliotecas. Polo tanto, acudiuse ás acumulacións de tarefas para cubrir non só un posto senón as necesidades que se acumularon por falta de substitución como pode ser o goce simultáneo de días e vacacións no mes de decembro e xaneiro. Neste caso, contéplase a substitución se se alonga a baixa.

Rita Velasco segue sen entender que unha baixa dun posto de RPT se cubre cunha acumulación de tarefas. Indica tamén que o SIE estivo pechado 2 días e non entende como pode pasar iso. Non obstante no SPRL cubriuse case inmediatamente á produción da baixa.

A xerenta responde que no SPRL é unha vacante prevista nun servizo onde cada especialidade está atendida por unha persoa e non pode estar sen cubrir.

Rita Velasco dá os parabéns por sacar acción social correspondente aos gastos do ano 2022 pero pide tamén sacar as convocatorias do resto de anos.

Rita Velasco pregunta tamén pola convocatoria do condutor, debería de enviarse ao DOG.

José Manuel García Eirín non entende agora a présa, pregunta se non se debería esperar á sentenza.

A xerenta lembra que se acordou que se a finais de decembro non saía a sentenza, se sacaría a convocatoria. Como non se sabe cando vai saír, o mellor é sacar a convocatoria canto antes.

Juan Ignacio Nogueira pregunta por unha lista de agarda de informática.

A xerenta di que sacar agora unha convocatoria de lista de agarda resolveríase case ao mesmo tempo que as convocatorias derivadas das OEP. Polo tanto o idóneo sería sacar a convocatoria do proceso selectivo de TETIC.

Rita Velasco pregunta pola cobertura da praza de tarde da ECIMAT

A xerenta responde que se tratarán de cubrir todas as prazas vacantes de Ciencias.

Marisa Magaz pregunta pola cobertura da praza de TM de PRL

A xerenta responde que esta praza está financiando outras prazas e de momento non se vai cubrir.

Federico Fernández pregunta pola execución da sentenza de Rodrigo Cerviño.

A xerenta responde que se lle encomendaron as tarefas de patrimonio.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 12:05h

Acta asinada dixitalmente,

A xerenta

Yolanda T. Lesmes Romero

O presidente da Xunta PTXAS

Carlos Mollinedo Lois